



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL (FEGATUR) PARA O MANTEMENTO E SOPORTE DUN SERVIZO DE RESERVAS E REALIZACIÓN DUN PLAN DE PROMOCIÓN DE ALOXAMENTOS DE TURISMO RURAL DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Galega de Turismo Rural (en adiante, FEGATUR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 10 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e FEGATUR para a realización das actividades dirixidas á promoción e o fomento da comercialización de aloxamentos de turismo rural de Galicia .

As liñas de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e FEGATUR para dar cumprimento ao obxecto deste convenio son as seguintes:

- a) Sistema de información vinculado aos aloxamentos de turismo rural de Galicia durante o ano dous mil dezasete.
- b) Realización dun plan de promoción e difusión dixital dirixido a mellora do posicionamento do sector turístico rural galego e encamiñadas a mellora da comercialización dos produtos turísticos rurais de Galicia.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- FEGATUR é a entidade máis representativa de aloxamentos de turismo rural, cuxa finalidade é a promoción do turismo rural de Galicia así como fomentar, dinamizar e mellorar todas as actividades empresariais dos seus asociados relacionados co Turismo Rural.

Terceiro.- A Estratexia Turismo de Galicia 2020 recolle entre as súas accións a liña 1.2.2 Estratexia de revitalización do turismo rural e a liña 11.2.1 Apoio no manexo de ferramentas TIC.

A central de reservas online para turismo rural iniciouse en 2010. Neste tempo a ferramenta informática de comercialización posta a disposición dos aloxamentos rurais cumpriu o seu fin, tal e como demostran as cifras acadadas ata o momento. Na actualidade a central online posibilita a reserva de 305 establecementos de turismo rural repartidos nas catro provincias galegas: Pontevedra (90 aloxamentos) e A Coruña (101 aloxamentos) son as que ofertan un maior número de alternativas, segue Lugo (69 aloxamentos) e finalmente Ourense (45 aloxamentos). Todos os establecementos de turismo rural autorizados contan coa posibilidade de obter a cofinanciación deste servizo, que se formaliza mediante un acordo de adhesión.

Cuarto. A través deste convenio, outórgase a FEGATUR unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos





puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

